

## **Breve contextualización dos recursos do Polo Creativo e data de inicio das actividades.**

O IES Félix Muriel ven de participar na primeira convocatoria de Polos Creativos para centros do ensino galego realizada por ORDE do 21 de abril de 2022.

Na resolución de 21 de xullo de 2022 o noso centro foi un dos 138 centros galegos cuxo proxecto foi aceptado, obtendo a concesión dos Polos cunha valoración da proposta do proxecto de 62,23 puntos.

Na solicitude de dotación o centro fixo unha aposta integral na que se inclúsen toda a dotación ofertada para centros de ensino secundario co fin de facer do espazo de Polos Creativos un instrumento favorecedor na transformación e aposta por novos modelos educativos a través de metodoloxías activas de aprendizaxe.

Deste modo entre o material incluído contamos con:

- Espazo maker: prancha de cociña, máquina de coser, plastificadora, máquina de chapas, impresora, impresora 3D, cortadora láser, escáner 3D e ferramentas de obradoiro/taller.
- Audiovisual: equipamento de radio, tablets, equipos informáticos, cámara de fotos canon gravadora de vídeo, sistemas de son micro, pés para tablet e móbil, gimbal, kit de iluminación e pantalla para chroma e gafas VR.
- Mobiliario: mesas, cadeiras, estantes, mobles e mobles cargadores de dispositivos electrónicos
- Robótica, microcontroladores e electromecánica.

O material de Polos Creativos fixo a súa chegada a finais da primeira avaliación, no mes de decembro e para iso o centro adecuou o espazo que con anterioridade tiña reservada como aula de usos múltiples.

A partir do mes de xaneiro o Equipo de Polos Creativos iniciou o proceso de montaxe compaxinado coa formación e primeiras achegas ao emprego dos materiais da dotación. Simultaneamente o profesorado comezou a desenvolver iniciativas didácticas baseadas no aproveitamento dos recursos de Polos Creativos.

## **Descrición das actividades realizadas:**

### **Actividades do equipo de traballo:**

1. Adecuación do espazo, desembalaxe e montaxe da aula Polos Creativos na localización escollida a tal efecto, neste caso, a aula de uso múltiples, na planta baixa, no corredor sur do centro.
2. Inventario do material recibido, que chegou incompleto, pois o kit de iluminación e as lentes VR non chegaron ao centro ata o mes de xuño.
3. Creación dun Club Polos Creativos, dende maio no que participan 17 estudantes de 1º e 2º de ESO.
4. Estratexias metodolóxicas para o proxecto Polos Creativos. Desenvolvemento de Ao Xeito, proxecto interdisciplinar arredor do mar e Rianxo para o cal o centro presentouse ao programa Network of European Blue School do Maritime Forum da Comisión Europea.
5. Establecemento de protocolos de uso Polos Creativos.
6. Formación do profesorado a través do Pfpp. Equipo de traballo no curso 2022/2023 para establecer as liñas metodolóxicas e protocolos de uso do espazo e formación en dispositivos e materiais de Polos Creativos para o curso 2023/2024.

### **Actividades didácticas**

1. I Concurso de deseño Xoubas e I Concurso fotográfico Aves mariñas, en colaboración co proxecto Erasmus+ (espazo maker). Deseño e difusión do concurso. Deseño de premios con material de Polos Creativos.
2. Colaboración co equipo de Igualdade para o proxecto Quérote+. Arte e amor romántico, experiencia en multiverso de VR.
3. Campaña de publicidade. Proxecto interdisciplinar de creación audiovisual entre os Dptos. de LGeL, Xª e Hª. e de Orientación.
4. Reto Polos centros participantes en Polos Creativos de Galicia. Aproveitamento das embalaxes da dotación. Performance dos 20 anos do desastre do Prestige.
5. Colaboración co EDLG no Obradoiro de vídeos e participación no Olloboi 2023.
6. Colaboración con recursos técnicos de Polos Creativos a diferentes propostas didácticas desenvolvidas no centro.

## **Relación aproximada da carga horaria das actividades:**

Actividades desenvolvidas polo equipo de traballo:

1. Adecuación do espazo. Número de horas/persoas: 20
2. Inventario. Número de horas/persoas: 6
3. Creación dun Club Polos Creativos. Número de horas/persoas: 10
4. Estratexias metodolóxicas. Número de horas/persoas: 25
5. Establecemento de protocolos. Número de horas/persoas: 6
6. Formación do profesorado. Número de horas/persoas: 50 (Pfpp)

Actividades didácticas desenvolvidas polo profesorado:

1. I Concurso de deseño Xoubas e I Concurso fotográfico Aves mariñas e documental. Número de horas: 18
2. Proxecto Quérote+. Número de horas: 20
3. Campaña de publicidade. Número de horas: 80
4. Reto Polos Creativos. Número de horas: 40
5. Obradoiro de vídeo e participación no Olloboi 2023. Número de horas: 44

## **Participantes das actividades:**

Actividades desenvolvidas polo equipo Polos Creativos.

Actividades 1 a 6: 6 integrantes do profesorado do centro.

Actividades didácticas:

Actividade 1: aberto a todo o alumnado de ESO e bacharelato (presentáronse 148 deseños) incluíndo alumnado estranxeiro de centros educativos de Galway (Irlanda) e Rijeka (Croacia) dentro do proxecto Erasmus+ do centro. 3 profesores

Actividade 2: 94 alumnos/as ESO, 3 profesores/as

Actividade 3: 80 alumnos/as ESO, 2 profesores/as

Actividade 4: 19 alumnos/as ESO, 4 profesores/as

Actividade 5: 30 alumnos/as ESO, 1 profesora

**Difusión realizada das actividades: (2000 caracteres máximo)**

A difusión das actividades realizouse por 3 vías diferentes

1. Web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/>
2. Espazo Agueiro: <https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?t=frTMOekEHwKvpLjGJ38d>
  - Agueiro IES Félix Muriel
  - Agueiro Rede de colaboración de Polos Creativos
3. Redes sociais do centro: Twitter, Instagram, Facebook, TikTok e Padlet.
4. App's: Genially, Canva, FrameVR

\*Engádesse ficheiro cos enlaces aos diferentes contidos e propostas didácticas nas que interviu Polos Creativos

**Ligazón na que se expliquen diversos aspectos complementarios aos requiridos do proxecto e/ou actividades:**

**Proxecto Ao Xeito**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/>

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?t=frTMOekEHwKvpLjGJ38d>

**Conclusións do proxecto realizado: (2000 caracteres máximo)**

As conclusións extraídas polo equipo de traballo son en xeral positivas.

Como aspectos positivos podemos destacar:

1. A localización de Polos Creativos nun espazo realmente habilitado para aplicar metodoloxías activas e abertas nas que promover proxectos colaborativos e interdisciplinares.
2. A notable mellora na dotación de equipamento do centro contribuíndo á transformación do mesmo.
3. O emprego da tecnoloxía como un instrumento relevante no desenvolvemento de estratexias didácticas activas.

4. A acollida deste espazo por parte do profesorado e do alumnado como un lugar de referencia para desenvolver proxectos ou como apoio a todos aqueles proxectos que con anterioridade xa se viñan desenvolvendo: Biblioteca, EDLG, Erasmus+, Igualdade, Monte Vivo etc.

5. Unha oportunidade máis de abrir e conectar o centro ao resto da comunidade e ao seu entorno.

Como puntos negativos deberíamos sinalar os seguintes:

1. O calendario de Polos Creativos, dende a resolución de xullo do 2022 na que se aprobaba a dotación a este centro. Combinar adecuación de espazos, chegada de material, posta en marcha do proxecto e formación dos coordinadores, do equipo de traballo como do resto do profesorado dificultou a posta en marcha das propostas didácticas do proxecto.

2. As estratexias metodolóxicas. O desenvolvemento do proxecto inicial non se viu factible tal e como se foi desenvolvendo o "calendario" de Polos Creativos. Foi necesaria unha revisión do mesmo e un reaxuste de cara aos vindeiros cursos. Deste modo vese máis factible a realización do proxecto Ao Xeito así como a participación naquelas outras iniciativas que así o demanden.

3. As necesidades de formación do profesorado e do alumnado, tanto no traballo con metodoloxías activas como no uso do equipamento da dotación Polos Creativos.

En definitiva, a aula Polos Creativos vén converterse nun novo espazo de traballo, de relación, de socialización e convivencia do IES Félix Muriel.

### **Propostas de mellora para o seguinte curso: (2000 caracteres máximo)**

1. Valoración de novos espazos para Polos Creativos: adecuar un espazo exclusivo para a creación audiovisual. Reconfigurar o espazo principal, aula Polos Creativos.

2. Revisión dos protocolos de uso do espazo e dos recursos materiais

3. Plan de accións para o Club Polos Creativos

4. Revisión de actividades e impacto na comunidade educativa

5. Mellora na difusión das actividades e proxectos realizados a través de Polos Creativos ou en colaboración co mesmo.

6. Afondar na formación no uso dos recursos da dotación de Polos Creativos